

Unha esperanza sen fronteiras

Ante os desafíos globais, os escenarios trágicos que afectan o planeta e as noticias que nos chegan, parece que todo se conxure para quitarnos o alento, escurecendo o horizonte. A esperanza aparece como un ben fráxil, case un espellismo. Por iso parece natural facerse esta pregunta: podemos aínda esperar un futuro mellor para a humanidade, ou estamos condenados á resignación?

Nesta circunstancia pode axudarnos o que pensa o filósofo alemán Ernst Bloch (1885-1977): “a esperanza non é unha ilusión pasiva, senón un ‘soño cara a adiante’, un principio activo que anticipa aquilo que aínda non se deu. Está vinculada á idea de que o futuro está aberto e é moldeable, non predeterminado”¹.

É así como cada un de nós “pode seguir esperando”, como quen soña esperto. Se sabemos mirar con atención, podemos albiscar o alba dun novo despertar que xa está presente. Vémolo na paixón educativa dunha mestra, na honestidade dun emprendedor, na rectitude de quen administra con integridade, na fidelidade dunha parella, no abrazo dun neno, no coidado dunha enfermeira, na paciencia dunha avoa, na coraxe de quen resiste pacificamente á violencia, na acollida dunha comunidade.

Más aínda nos fala de esperanza o testemuño dos nenos nos lugares de guerra, onde atopan espazos protexidos nos que custodiar o futuro. Así o mostran os debuxos realizados polas nenas e os nenos que participan nos programas de apoio psicosocial de Save the Children. Entre lapis e cores emerxen soños de converterse en médicos, escritores ou deseñadores de moda... Estes lugares seguros onde se reúnen ofrécenlles unha contorna onde xogar, expresarse e imaxinar un futuro máis aló do conflito. Os traballos foron difundidos con motivo do Día Mundial da Saúde Mental, o pasado 10 de outubro de 2025, e testemuñan a resiliencia dos máis pequenos fronte á guerra².

E non menos importante, atopamos esperanza en millóns de persoas en todo o mundo —nenos, mozos, adultos e anciáns— que, golpeados por enfermidades graves, afrontan con forza, tenacidade e resiliencia o desafío de superar este obstáculo que a vida puxo no seu camiño. Canta valentía e canta lección de amor pola vida ofrécenos estas persoas!

Estes signos, pequenos e cotiáns, lémbrennos que a esperanza non é unha ilusión, senón unha forza real, froito do amor que se irradia e que é capaz de transformar a sociedade paso a paso.

Todos teñen sede de esperanza, tanto os que están preto de nós como os que están lonxe (física, existencial ou culturalmente). Esta idea convídanos a non quedarnos quietos, senón a dar un paso para levar esperanza a quen a necesita e perderon o sentido da vida. #Achegar cun xesto de atención, facéndonos próximos, levando o noso amor con delicadeza e gratuidade. Son moitos os que o esperan, e estamos chamados a alcanzalos a todos.

Como escribe o poeta congoleño Henri Boukoulou: «[...] Oh, divina esperanza! Velaquí que, no salouco desesperado do vento, trázanse as primeiras frases do máis belo poema de amor. E mañá... é a esperanza!»³.

¹ Ernst Bloch (1885-1977), *Das Prinzip Hoffnung* (1954-1959)- “El principio esperanza” (ed española)

² <https://www.cittanuova.it/multimedia/i-sogni-dei-bambini-di-gaza-tra-guerra-e-colori>

³ Cf. AA.VV. *Poeti Africani Anti-Apartheid*, I vol., Edizioni dell’Arco, Milano, 2003.